

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	22 de decembro de 2022
Duración	Desde as 20:32 ata as 23:08 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SI
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SI
Joaquín Núñez Troncoso	SI
Lucía Pereira González	SI
María Dolores Castiñeira Alén	SI
Miguel González González	SI
Noelia Pérez Domínguez	SI
Primitivo González Souto	SI
Rubén González Coto	SI
Santiago Rodríguez Davila	SI
Verónica Tourón Domínguez	SI
Ángela Ledo Souto	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Sr. Rodríguez Davila: Por cuestión de orden, quero facer unha pregunta, porqué non se trae ao pleno a aprobación da acta da sesión anterior?

Sra. Alcaldesa: Me informa a Secretaria que non está rematada.

Expediente 2632/2022. Aprobación de Regulamento de axudas de emerxencia social.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Ledo Souto: Traemos para aprobación el “Reglamento de axudas de emerxencia social Municipais do Concello de Salceda de Caselas”, no es una modificación es una nueva ordenanza, los tiempos van cambiando, se van viendo las necesidades reales que tienen los vecinos, el que teníamos era del 2013, se va viendo la realidad con la que se van viendo las trabajadoras a diario y es una actualización tanto en términos económicos como en conceptos de ayudas que se dan. Se recoge todo tipo de ayuda de emergencia que puede solicitarse en el Concello, alimentación e higiene, también se suma la limpieza de domicilios porque nos encontramos con esas problemáticas, por ejemplo gafas y audífonos, un poco para que entre todo más preciso y actualizado. En cuanto a medidas económicas se subió también el porcentaje que se paga de alquiler, se ajusta la parte económica, se tiene en cuenta el salario mínimo interprofesional para dar la ayuda y las ayudas van en consonancia con el IMPREM, ponemos el salario mínimo y el IMPREM porque son cantidades económicas que varían y es una manera de mantenerlo actualizado. Tiene ayudas para conciliación, para productos de apoyo para personas con discapacidad y aparatos que puedan necesitar y facilitarle la vida y los requisitos económicos que ya dije que van con el salario mínimo interprofesional. Los requisitos que tienen que cumplir son casi los mismos que tenían que cumplir hasta ahora, estar empadronado, llevar doce meses empadronado en nuestro Concello.

Sr. Rodríguez Davila: Tal como dixemos na Comisión, faltaban os informes dos técnicos de servizos sociais, o pasado luns non estaba no expediente, se incorporou nas últimas horas, logo da iniciativa a proposta das persoas que traballan en servizos sociais e que o Concello tivo a ben traer a modificación desta ordenanza, que como acaba de comentar a compañeira de Corporación, Gela, a necesidade de actualizar esta ordenanza, actualizar as axudas ás circunstancias actuais, loxicamente vamos a



votar a favor desta modificación deste Regulamento de axudas de emerxencia social para o noso Concello, polo tanto o noso voto vai ser a favor e esperamos que para o ano 2023 sexan menos usuarios, iso sería unha boa noticia para todos, porque iso significaría que a situación das familias e das persoas a título individual estarían en outras circunstancias e non ter que recorrer a estes servizos de axuda.

Sra. Castiñeira Alén: Unha actualización necesaria, como dixo a compañeira Gela, o anterior era do 2013 e as contías non se axustaban á realidade económica do 2022 dentro dos diferentes programas que ofrece o noso Concello, tanto de servizos sociais como de benestar. O programa de alimentos, o xantar na casa, o servizo de camas articuladas, o servizo de axuda no fogar, as axudas de emerxencia, son fundamentais, están pensadas precisamente para imprevistos, como exemplo a intervención bucal, a colocación dunha ortodoncia para axudar a esas familias que menos posibilidades teñen, son moitas as que atendemos no noso Concello e oxalá a cifra se vaia reducindo pero mentres así non sexa, nós seguiremos apostando dende o Concello para manter todos estes servizos e incluso implementar algún máis que a realidade económica de algunha das ordenanzas se vaian axustando ao noso ano, ano 2022 onde todo subiu en exceso e onde moitas das familias necesitan máis axudas que nunca, o voto de Movemento Salceda como no podía ser doutro seixo vai ser a favor.

Sra. Alcaldesa: Efectivamente, no 2013 aprobouse un Regulamento das axudas de emerxencia social, ese regulamento é necesario facerlle unha modificación, e como a modificación era bastante ampla, se decidiu facer un novo regulamento que fose acorde coas necesidades dos tempos nos que vivimos, nos tempos actuais. Como sabedes o Concello é a administración máis próxima e por onde entran todas as demandas dos colectivos máis vulnerable e temos que estar a altura para dar resposta a esas demandas. Iso é o que estamos a facer hoxe aquí e tal como indican os portavoces dos diferentes partidos se vai a aprobar por unanimidade. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto que por acordo do Pleno de data 2 de setembro de 2013, aprobouse o “regulamento de Axudas de emerxencia social Municipal do Concello de Salceda de Caselas”.

Vista a necesidade de proceder á aprobación dun novo regulamento na materia, debido a existencia de novas necesidades, como consecuencia da evolución no tratamento e satisfacción das necesidades de emerxencia social, facéndose necesario proceder a unha nova regulación destas, que se adapte ao que demanda a sociedade e a unha administración eficaz e eficiente.

Visto o texto do novo regulamento de axudas de emerxencia social elaborado polo departamento de Servizos Sociais.

Visto o informe de Secretaría núm. 2020-0040 sobre o procedemento e a lexislación



aplicable.

Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente Regulamento de axudas de emerxencia social.*

SEGUNDO. *Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente Regulamento de axudas de emerxencia social.

SEGUNDO. Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>."

Expediente 2471/2022. Aprobación de proxecto de obra de impermeabilización de cuberta e fachada do pavillón municipal

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. González Coto: Trátase dunha intervención no pavillón municipal, no cal queremos arranxar as filtracións da auga da choiva que entra tanto na fachada oeste como nas lucernarias da cuberta, a cuberta está feita por paneis sándwich con lucernarias de policarbonato onde se vai a realizar a substitución desas lucernarias porque despois de distintos estudos técnicos, comprobouse que están en bastante



mal estado e deteriorados. Na fachada oeste vaise revestir cun sistema SATE para cubrir os ocos refundidos, enrasar toda a fachada e despois poder aplicar un tratamento con morteiro acrílico. Tamén se colocará unha albardilla de aluminio nas xuntas de encontro do bloque de formigón co panel sandwich para que non filtre por aí a auga. Por último, colocarase un tramo de liña de vida permanente de quince metros na cuberta e que terá unha escaleira vertical de uña de gato na parte dereita da fachada principal para mellorar o acceso e os traballos de mantemento da cuberta. O orzamento base de licitación é de 47.857,33€ un IVE de 8.305,82€ e o presuposto sen IVE a 39.551,51€. Este proxecto conta con informes positivos e coa súa aprobación arranxamos o problemas de choiva que ten o pavillón e sofren os distintos colectivos deportivos, e tamén con el damos o primeiro paso de unha das demandas destes colectivos deportivos que levan pedindo como é o cambio de pista do pavillón.

Sr. Rodríguez Davila: O noso Grupo na Comisión fixo unha serie de matices ao respecto deste punto. Falabamos entre outras cousas de ver o motivo, todo o mundo se pregunta a día de hoxe, despois daquela obra que se fixo no ano 2016, que o pavillón estea nas condicións que está agora mesmo, porque chove da maneira que chove dentro e aquí quero tamén recordar, que vai por diante unha vez máis intentamos ser coherentes, que nos equivocamos como todos, respecto deste feito non viron vostedes unha crítica de todo o que levan sufrido os equipos do noso Concello e tamén os equipos que nos visitaron nas últimas semanas, meses cando tiveron que xogar nas condicións que a ninguén lle gusta xogar nesas condicións e máis ter que ver partidos parados continuamente pola situación na que se atopaba a pista de xogo do noso pavillón. Incluso houbo un día en concreto, un domingo onde varios pais despois dun partido, foi unha imaxe bastante triste que demos como Concello, me chamaron indignados porque ese día nin atopaban nin un cubo nin unha fregona para secar esa auga que había nesa pista. Vai por diante que nós non utilizamos esa imaxe que non é a que nós queremos do noso Concello, e que non criticamos o Goberno actual respecto do pavillón, aínda que hai membros que si formaban parte do goberno que fixeron esas obras de mellora no 2016, pero como hai que ser coherentes na vida e aínda así nos equivocamos, non se lle pode votar toda a culpa aos políticos de turno, no sentido de que, quen executa as obras son empresas, pero é certo que os políticos teñen unha responsabilidade moi importante e eu aquí tamén quero facer unha pregunta ao goberno de se viron a posibilidade de recorrer ás garantías de obra, aínda que sabemos que o prazo da garantía dependen o tipoloxía de obra. Hai unha garantía para os acabados, tres anos para que comprometa a habilitabilidade dos edificios e dez anos para a estrutura, e sei que seguramente estarán caducadas as garantías de esa obra, pero polo menos haberá que facerlle un reproche, un tiron e orellas a quen executou esas obras porque o que vamos a facer coa aprobación desta obra é retirar todos os paneis translucidos que se colocaron no ano 2016 e como comprenderedes, unha vez máis teñamos que gastar cartos públicos nunha obra que ten escasamente seis anos executada, creo que a ninguén lle fai gracia. Nós non vamos a utilizar aquilo das chapuzas do pasado porque isto son chapuzas do presente recente, pero salvando a mera anédocta,



queremos dicir que nós vamos a estar de acordo con esta obra, con esta mellora. Sen lugar a dúbida é moi necesaria e urxente e tamén o que vamos a facer é intentar que non suceda o que sucedeu, polo tanto lle pedimos ao goberno actual que por favor vexan ben os materiais que se van a colocar. Tamén dixemos nesa Comisión e volvo a dicilo hoxe aquí, que é moi importante ter en conta, vostedes nos dixeron que si o tiveron en conta, que non vai a haber incremento de orzamento de licitación ou si o hai non vai a ser moi importante, o que quero dicir é que teñan en conta a suba do material á hora de executar a obra, porque sabemos todos como está o mercado en todos os sentidos e non vai a ser que por aforrar mil euros ou x euros deixemos as cousas a medias e logo teñamos que volver a repasar o que se fixo mal.

O noso apoio ao goberno para que se fagan as cousas ben, o noso voto a favor para que se faga esa reforma no pavillón municipal e insistindo que por favor vixien ben os materiais, teñamos en conta a adxudicación a que empresa se lle adxudica porque ninguén da duros a catro pesetas e logo pasa o que pasa.

Sra. Castiñeira Alén: Con respecto as palabras de Santi sobre a obra e a execución da obra hai seis - sete anos que se realizou, moitas das obras non saen como planexamos e os defectos saen co tempo e estou segura ademais que a que tiña responsabilidades naquel momento no eido do deporte era a miña compañeira Carla coa que falei nestes días sobre esta obra e non só con ela senón coa empresa dun Concello próximo e ademais con empregados de Salceda que estiveron nesa obra, me falan da dificultade da mesma, os moitos arranxos que se fixo nesa cuberta e o difícil que supuña arranxar todos os problemas co custe que se empregou para a reparación de esa obra. Temos que recoñecer que non quedou ben, o tempo demostrou que así foi, pero teño claro que a profesionalidade da empresa foi a que tiña que ser e a profesionalidade da compañeira Carla tamén. Non poño en dúbida nunca o traballo do meus compañeiros e compañeiras, todos e todas erramos nalgún momento e tampouco me escoitará falar a min das chapuzadas do pasado, creo que nunca o fixen nesta sesión plenaria, mencionar a ningún outro compañeiro do Partido Socialista nin do Partido Popular falando de chapuzadas. As cousas as veces saen mellor a outras non saen tan ben, en todo caso creo que hoxe estamos de parabéns, no pleno ordinario de outubro os clubs deportivos, baloncesto, a EDM de tenis, badminton, o club de balonmán Caselas, as ANPAS Pantel, Altamira, Landres, Os Meniños de Salceda e demais de SAPIX nos solicitaron a este pleno aos tres partidos políticos que nos uníramos que pelexamos polas necesidades que tiñan no eido deportivo, falaban naquela moción, que acolleamos conxuntamente, dun novo pavillón, nese pleno lembrei o que xa manifestara na reunión mantida en Santiago co Secretario Xeral do Deporte, con Lete Lasa, o 23 de maio ao que tamén fomos acompañadas polos colectivos deportivos, considerabamos prioridades urxentes-urxentísimas o cambio de cuberta e despois o cambio de chan coincidindo coas necesidades que eles mesmos manifestaban, a medio prazo a ampliación das instalacións e a máis longo prazo pola dificultade do terreo, conseguir un novo pavillón para o noso eido deportivo. Coa aprobación deste proxecto o que se vai facer é un pasiño máis para cumprir cos compromisos que obtivemos nese pasado



pleno cos colectivos da nosa vila, buscar unha solución para o cambio de cuberta e así garantir a seguridade e a tranquilidade de todos e todas os que practican deporte alí, este fin de semana mesmo comprobamos que non son poucos, polo tanto o voto de Movemento Salceda non ía a ser outro que votar a favor.

Sr. Rodríguez Davila: Efectivamente aquí hai responsabilidades, como que non hai responsabilidades? Digo na obra executada no ano 2016. Intentar xustificar o inxustificable, aquí hai unha responsabilidade ou ben como se executou a obra por parte da empresa ou ben do goberno dese momento de non facer un proxecto acorde coa necesidade de reparación desa circunstancia no pavillón nese momento. Como que non hai responsabilidade? Aquí a ninguén se lle presupon nin a mala intención de ninguén nin a mala fe de ninguén, simplemente unha responsabilidade de algo se fixo mal, insisto, ou ben a empresa executou mal o traballo ou ben o equipo de goberno daquel momento non foi quen de facer un proxecto adecuado as necesidades do pavillón naquel momento e as consecuencias son as que son, non hai máis, Gastáronse naquel momento 51.000€ e agora vamos a gastar 48.000€, si chegan. Insistín antes e volvo a insistir, que se vexa ben o que se vai facer que se vexa ben si é suficiente o que se vai a facer, etc... porque ao final, volve a dicilo, a gastar pois igual gastar dous ou tres nunha obra desa envergadura, polo tanto todos estamos de acordo da necesidade desa reparación, todos estamos de acordo en mellorar o pavillón porque nas circunstancias nas que está é lamentable, polo tanto intentemos facer as cousas ben. Pola nosa parte nada máis, só que estamos a favor da proposta desta mellora do pavillón.

Sr. González Coto: As garantías, mentres estiveron nos seus anos que lle puideran corresponder, fóronlle solicitadas a empresa, e a empresa foi facendo reparacións, si que é verdade que co paso do tempo, as dilatacións desas propias luminarias o que nos leva a ter é moitísimos máis problemas de goteiras e demais que dificultan a práctica do deporte en determinados días, e sobre todo agora que estamos vendo coas inclemencias climatolóxicas cando ven a chuvia e ven cargadiña, non ven o orballo que tiñamos moitas veces que aínda iamos soportando. A revisión de prezos de material foi vista e analizada polos técnicos do Concello Municipais, departamento de urbanismo, e os informes tamén os avalan, os prezos están revisados.

Sra. Alcaldesa: As choivas que estamos sufrindo nos últimos dous meses non son as habituais, non sei si este tempo ben para quedarse ou non, non teño os coñecementos suficientes para sabelo, de feito no verán estabamos sufrindo unha seca moi importante e agora mesmo están desbordando os ríos e regatos como sabemos, pero si é certo, creo que é de todos sabido e nos últimos días e nas últimas semanas estamos vendo como case todas as instalacións deportivas da zona están tendo o mesmo problema, iso non significa que nós non queiramos poñerlle solución ou que non debamos ou que non debamos investir todo o necesario, porque realmente o que estamos tratando hoxe aquí é tratar de poñerlle solución a un problema. Si é verdade que en moitos Concellos houbo este problema coa choiva e



desgraciadamente os pavillóns foron unhas das instalacións municipais máis afectadas por estas choivas, non obstante, é un problema que se ven arrastrando, e como dixo o compañeiro concelleiro de Deportes se tratou de ir solucionando.

Si que me gustaría puntualizar un para de cousas. Por unha parte efectivamente os técnicos de urbanismo revisaron os prezos, polo que eles informaron, a suba de prezo máis importante destes materiais concretos que leva esta reforma aconteceu nas datas de realización do proxecto polo que xa se tivo en conta. Por outro lado, dicir que ademais de acometer a reforma na cuberta tamén se vai a acometer unha serie de melloras na fachada. Este é o paso previo a ese cambio de chan que é necesario tamén para practicar o deporte que fan moitísimos clubs deste concello. En ningún momento o concelleiro de Deportes abandonou as súas funcións. Eu mesma, acompañada por él pasamos varias horas dalgunha noite de venres e de sábado alí tratando de buscar solucións. É verdade que non é fácil, é unha obra complexa e espero que con isto solucionemos. A ninguén lle gusta que se teña que cancelar ningún dos partidos. Sei da preocupación que tivo o concelleiro de deportes neste tempo, sei das distintas probas que tivemos que facer para ver como se podía ir solucionando, hai mes e medio máis ou menos había unha goteira que xa se solucionou, aínda hai algunha pequeniña pero en gran parte se solventou. Esperemos que consigamos pasar o inverno nas mellores condicións posibles e que podamos executar a obra nas mellores condicións cando o tempo o permita.

Dou paso a lectura de proposta seguinte:

“Visto o referenciado proxecto de obras para a impermeabilización de cuberta e fachada do pavillón municipal redactado pola sociedade profesional FREIRE Y VÁZQUEZ ARQUITECTOS, SLP, representada polos arquitectos Francisco Freire García e Víctor Vázquez Fernández, asinado o 30.12.2021, cun orzamento base de licitación de 47.857,33€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.305,82€ e o presuposto sen IVE a 39.551,51€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.

Visto o informe técnico núm. 2022-0367 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2022-0039 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico



español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras para a impermeabilización de cuberta e fachada do pavillón municipal redactado pola sociedade profesional FREIRE Y VÁZQUEZ ARQUITECTOS, SLP, representada polos arquitectos Francisco Freire García e Víctor Vázquez Fernández, asinado o 30.12.2021, cun orzamento base de licitación de 47.857,33€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.305,82€ e o presuposto sen IVE a 39.551,51€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras para a impermeabilización de cuberta e fachada do pavillón municipal redactado pola sociedade profesional FREIRE Y VÁZQUEZ ARQUITECTOS, SLP, representada polos arquitectos Francisco Freire García e Víctor Vázquez Fernández, asinado o 30.12.2021, cun orzamento base de licitación de 47.857,33€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.305,82€ e o presuposto sen IVE a 39.551,51€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 2616/2022. Aprobación de proxecto de obra de "Mellora da rede de saneamento en Ataúde"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. González Coto: Trátase dun proxecto con orzamento base de licitación de 110.898,73€, IVE incluído de 19.246,89€ e o presuposto sen IVE a 91.651,84 €. O obxecto deste proxecto é dotar de saneamento a 18 casas que estaban sen ese servizo na zona de Ataúde, na parroquia de Picoña. Trátase dun traxecto de 491,10 metros de rede, con tres tramos cunha gran diferenza de cotas e pendentes. O colector empeza na zona norte recollendo algunhas vivendas da Rotea, que teñen posibilidade de conexión polo camiño de Barcielas. Este tramo é de 38,8 metros de lonxitude e presente as dificultades máis grandes, as pendentes, continua polo camiño do igrexario Ataúde en dirección suroeste para chegar a estrada Ataúde cara a Pedrapinta, que é o que despois finalmente vai chegar a enlazar coa existente no vieiro da Deputación EPE-2501. A lonxitude desta segunda parte é de 298,10m e xa



por último a rede complétase cun ramal de 104,2 metros de lonxitude que empeza un pouco máis abaixo do Cruceiro, que está por encima da igrexa de San Martiño da Picoña e conecta co cruce da casa da Cultura e a estrada que vai a Ataúde a Pedrapinta. Analizadas as afeccións solicitamos xa os permisos a Patrimonio e á Deputación de Pontevedra, os informes son positivos e o tempo aproximado de realización desta obra se estima que son tres meses. Con esta aprobación de proxecto o que queremos é aprobar a rede municipal de saneamento, claramente, nesta zona e si que é verdade que existe moitísimas mas zonas sen resolver de Salceda que buscaremos en darlle solucións todas.

Sr. Rodríguez Davila: Loxicamente todo o que sexa facer obras de infraestruturas en canto a saneamento vamos a estar de acordo, é certo que hai múltiples lugares do noso Concello onde a través de pequenas inversións que podíamos facer con fondos do Plan Concellos, con aportacións pequenas do propio Concello, tamén podemos ir aumentando a rede de saneamento no noso Concello e polo tanto nós vamos a votar a favor, porque é unha demanda que sempre facemos, que debería investirse máis con fondos que nos pertencen con respecto do saneamento, a parte de seguir insistindo en conseguir máis inversión ao respecto desta obras. Esta obra se non me equivoco vaise facer con fondos do remanente do Consorcio do Louro do que formamos parte, é certo que beneficia a 18 vivendas e como digo hai moitos outros ramais desta índole que se podían executar, o goberno trae esta proposta a pleno e a nós non queda máis que apoiála e pedir que se executa o mellor posible para ben de todos loxicamente.

Sra. Castiñeira Alén: Si, estamos de acordo que é unha das necesidades máis importantes entre a nosa veciñanza, unha das demandas máis acuciantes e pesares de que se fixo un bo traballo, lévase traballado moito dende o equipo de goberno non so nesta lexislatura, senón en anteriores e tendo ademais en conta as posibilidades orzamentarias do noso Concello eu creo que se leva feito un traballo importante en canto a sanear certos treitos do noso Concello. Levamos realizado nesta lexislatura importantes obras como o barrio da Bouzavedra, onde se deu saneamento a máis de 24 vivendas cun orzamento de cerca de 160.000€, tamén se saneou o barrio de Casás nunhas 13 vivendas ademais dunha escola infantil, Xoaniña, por importe de máis de 35.000€ o barrio de Farrapeira, o ramal do Rollo, outro ramal na Revolta, edificios municipais como o novo Centro de saúde, o centro de AFAGA, o Penedo Redondo... queda moito por facer, trabállase na actualidade no saneamento do Cerquido, un proxecto que recollerá máis de 20 vivendas.

Hoxe traemos a aprobación este proxecto de Ataúde, máis de 560 metros de treito de saneamento, unha inversión de máis de 110.000€ que dará saneamento a un bo número de casas, dende logo o Concello está facendo un esforzo tremendo non so agora de destinar fondos propios, senón tamén na búsqueda de inversión, neste caso a través do Consorcio do Louro do que formamos parte catro Concellos entre eles Salceda. Non podemos estar máis de acordo con este proxecto, era un compromiso con esta veciñanza do barrio da Ataúde, seguiremos avanzando no saneamento de



todas as parroquias e ademais agardamos contar co interese, coa a inversión de outras administracións como a Xunta de Galicia para o saneamento tan importante como as das parroquias de Entenza e de Soutelo, que agás uns anaquiños da parroquia de Entenza, no Torrón e Pedracarballa conta co cero saneamento e a miña parroquia Soutelo o mesmo, conta con cero saneamento. Agardamos que esas inversións cheguen, non será por presentación de proxectos, non será porque o Concello non fixera os deberes coa petición de terreos e non será pola necesidade e o deber que debe ter a Administración, a Xunta, o Ministerio coas nosas parroquias, nós dende logo e coas nosas posibilidades orzamentarias seguiremos pelexando porque treitos como estes sexan unha realidade e os nosos veciños e veciñas poidan ter este servizo.

Sr. Rodríguez Davila: Logo de escoitar a Loli, eu creo que o Concello pode facer máis esforzos, o Concello ten unha aportación importante que lle corresponde pola administración de fondos públicos e o Concello, neste caso mellor dito, o goberno decide onde investilos e eu creo que ramais como este e incluso hai moitos ramais de menor importe, como ben recollido no Plan que fixo a empresa Urbin das necesidades deste ramais pequenos. Hai ramais de importe de 30.000, 40.000 e 50.000€ que o Concello pode executar perfectamente, o que pasa é que vostedes non, ou vostede neste momento acaba de vender unha retahíla de obras de saneamento onde os veciños en moitos deles puxeron man de obra e vostedes deron simplemente o material, entón non se pode adxudicar a si mesma ou ao goberno, non se pode adxudicar as obras de saneamento cando son os veciños os que fan un esforzo, cando debería ser o Concello quen executase o cen por cen esa obra. O que non pode ser é que o Concello decida ou mellor dito, o goberno decida investir diñeiro público en obras non prioritarios, como por exemplo o que van a facer nos próximos meses no carreiro da rúa Rollo, onde van a gastar 130.000€ cando nós propuxemos gastar moito menos en adecentar ese carreiro e ese a metade de diñeiro podían perfectamente facer ramais de saneamento, pero vostedes deciden facer unha mellora nese carreiro e gastar 130.000€ nada máis e nada menos en algo que dentro de x anos deixara de existir, porque aí se vai urbanizar ou se fará outra cousa no Plan Xeral novo que se aprobe. Nós estamos en contra de mellorar ese carreiro? Non, nós non estamos en contra de melloralo, o que estamos en contra é de como vostedes van gastar 130.000€ públicos cando temos moitas outras necesidades como saneamento en ramais pequenos que como digo, cunha cantidade de 20, 40 ou 50 mil euros se pode facer saneamento, como é o caso de Ataúde que se vai a 110.000€, pero hai outros moitos que vostedes mesmos contemplan de menos importe. Polo tanto, dicir que todo o saneamento é o Concello é unha mentira e logo vostede sabe, igual que eu, que outras administracións coma o Consorcio, fai obras de saneamento, como foi o caso de Bouzavedra con eses dous centos e pico mil euros, é certo que o Concello participa porque está dentro do Consorcio pero non é que o Concello faga esa obra co cen por cen con fondos públicos, polo tanto, non pretendan vender o que non é certo.

Por suposto que estamos de acordo en pedir a todas as administracións que invistan



no noso Concello, ninguén está en contra deso faltaría máis, todos estamos a favor e temos que tirarlle das orellas a todos e eu son o primeiro en facelo. Vamos a votar a favor e vamos a seguir insistindo en que o goberno de Salceda decida cada ano facer máis inversión en saneamento porque é a súa competencia, non se esquezan que é unha competencia municipal e que teñen capacidade de facer máis ramais de saneamento de pequeno importe, pequenos ramais que o Concello pode facer que é unha competencia municipal.

Sra. Castiñeira Alén: O que eu dixen na miña primeira exposición non é unha retahíla como lle chamou vostede, senón obras reais e que se executaron nestes tres anos e medio de goberno. Lle gustarán máis, lle gustarán menos, pero son todas as obras que se executaron efectivamente coa colaboración veciñal. Gustaríame saber si vostede recibiu algunha queixa da colaboración veciñal conseguida entre o Concello e os barrios e a veciñanza, me aposto que non, porque eu non vin ningunha queixa e máis, na primeira etapa de goberno foron eles quen viñeron falar con nós e propor esta fórmula e levar adiante ramais de saneamento e asegúrolles que funciona é máis, seguirán funcionando porque existe a colaboración entre as administracións e ten que existir entre a veciñanza e me gustaría que vostede fose igual de esixente coa Xunta a hora de investir nas dúas parroquias que antes mencionei, Entenza e Soutelo, como é co Concello, que dentro das súas posibilidades fai os ramais que pode e tamén quixera saber si para Santiago, portavoz do Partido Popular, os veciños de Soutelo e Entenza son menos que o resto das parroquias de Mos, porque aí a Xunta si que invite e inviste en colectores grandes e en ramais máis pequeniños. Eu creo que a veciñanza xa empeza a estar un pouco cansada desta distinción que fai o Partido Popular que goberna na Xunta e levamos anos esperando que se invista nesas parroquias, levamos anos esperando que a Xunta non só invista, senón que teña capacidade de executar fondos europeos que precisamente chegan para estas cuestións e son devoltos pola falta de xestión. É lamentable ter que estar dicindo isto pero así é e hai cousas que me pode contradicir pero hai realidades que non me pode contradicir e ademais están en prensa escrita e son obxectiva, non é unha opinión de parte desta Concelleira. En definitiva, nós seguiremos facendo o noso traballo no tempo que nos quede de Goberno, sabemos que é unha necesidade e unha prioridade o saneamento e vamos a seguir dándolle ese servizo á veciñanza e ogallá vostede que defende os intereses da nosa veciñanza faga o mesmo esforzo que facemos nós en solicitarlle a Xunta que invista nesas dúas parroquias.

Sra. Alcaldesa: Indicar cal é a liña de traballo deste equipo de goberno. Primeiro o que acaba de comentar a voceira de Movemento Salceda, con toda a razón, son cifras, son números, son casas, son vivendas conectadas do saneamento dalgún xeito, temos algo máis de 400.000€ en fondos do Concello invertidos nesta lexislatura en saneamento, estamos traballando en máis de 500.000 no Cerquido xunto coa Xunta de Galicia e co Consorcio por suposto. Por certo, que chamamos aos primeiros veciños para asinar a cesión do terreo e o Partido Popular foi á tarde seguinte a dicir que o Concello non estaba facendo a labor de asinar a cesión dos terreos que a día de hoxe están todos asinados e o único que estamos esperando é a



confirmación da Xunta para levar a diante esa obra do Cerquido. Despois os catro Alcaldes e Alcaldesas que pertencemos ao Consorcio de Augas do Louro tomamos a decisión de investir o remanente do Consorcio en execución de obra ou en proxectos, é diñeiro de todos e todas, non é do Consorcio. Quero lembrarlle que tamén pertencen á veciñanza de Salceda, dese remanente ao Concello de Salceda lle tocan máis ou menos arredor de 200 ou 210 mil euros e decidimos por supostos, primeiro capitaneado polo Concelleiro de Medio Ambiente, que é responsable e despois por min tamén a decisión de onde se inverte o saneamento. Por suposto, todas as casas é importante que teñan saneamento en Salceda eu non sería capaz, non sei si vostede, de decidir que veciño ou que veciña é máis importante para recibir o saneamento. O que si temos claro é que cos recursos que temos, temos que ir facendo os anacos de saneamento que podemos, é por iso a proposta que se fai ao Consorcio na que estamos a traballar é esta execución desta obras porque o proxecto estaba avanzado e de feito traemos aquí a aprobación e xa están solicitados os permisos sectoriais pertinentes e demais, e o resto do diñeiro que nos toca como remanente levalo a redacción de proxectos, dividindo ese plan director que ten feito o Consorcio entramos pola financiación de distintos medios, xa sexa a Deputación, sexa o Concello, sexa a Xunta si ten a be,n aínda que eu na reunión mantida a finais de verán, o Concelleiro de Medio Ambiente, eu e a responsable de Augas de Galicia en Santiago, moitas miras de que resolva o tema das dúas parroquias de Entenza e Soutelo non as hai. É verdade que saímos de alí co compromiso de ir traballando xuntos tanto no Consorcio e mirar que outras posibilidade hai para ir executando esas dúas parroquias, pero é verdade que tamén necesitamos o esforzo da Xunta de Galicia. É verdade que se vai nese primeiro proxecto de execución de Ataúde porque xa estaba avanzado, pero tamén os seguintes proxectos a redactar, que si non ha ningún cambio no remanente, será a redacción do proxecto de saneamento de Loureiro-Maior en Picoña, a mellora da rede de saneamento en Ponte da Mial-Presa en Parderrubias que o dividimos en catro para que poidamos ir asumindo esas distintas obras, mellora da rede de saneamento en Outeiro en San Xurxo, que tamén se divide en tres e mellora da rede de saneamento en Sta. María de Salceda, que se divide en cinco tramos diferentes que é a Noveleira, Xabarís, Cruceiro e Torrón. A idea é a mesma que vostede dicía, a de poder ter eses tramos en proxectos para ir executando coa financian que temos. O que quero dicir é que este equipo de goberno traballou dende o primeiro momento en buscarlle solucións ao problema de saneamento que ten Salceda, estamos a traballar niso, as cifras o demostran e oxalá nos gustaría e creo que como dicía a ninguén dos membros da Corporación lle gusta que choiva nas instalacións municipais, tamén a todos e a cada un dos trece Concelleiros e Concelleiras que estamos aquí nos gustaría anunciar o saneamento integral de Salceda pero iso non é posible, co cal teremos que ir buscando solucións e iso é o que estamos facendo para ir dándolle solucións a demanda ou a unha das demandas, ao meu parecer, que ten a veciñanza de Salceda. Dou paso a lectura de proposta seguinte:

“Visto o proxecto de obras denominado “Mellora da rede de saneamento en Ataúde” redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Julio Roberes de Cominges e



polo enxeñeiro técnico industrial Hugo García Carro, asinado o 02.11.2022, cun orzamento base de licitación de 110.898,73 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 19.246,89€ e o presuposto sen IVE a 91.651,84 €. e sendo necesaria a aprobación do mesmo.

Visto o informe técnico num. 2022-0370 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2022-0038 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da rede de saneamento en Ataúde” redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Julio Roberes de Cominges e polo enxeñeiro técnico industrial Hugo García Carro, asinado o 02.11.2022, cun orzamento base de licitación de 110.898,73 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 19.246,89€ e o presuposto sen IVE a 91.651,84 €.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da rede de saneamento en Ataúde” redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Julio Roberes de Cominges e polo enxeñeiro técnico industrial Hugo García Carro, asinado o 02.11.2022, cun orzamento base de licitación de 110.898,73 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 19.246,89€ e o presuposto sen IVE a 91.651,84 €.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co



artigo 236 da LCSP.

Expediente 2818/2022. Aprobación de proxecto de obra de construción de catro marquesiñas nas parroquias de Soutelo, Entenza e Parderrubias.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sr. González González: Antes de entrar en materia e dado que este vai ser o último pleno do ano, si non hai nada urxente de aquí ao 31, eu quería en nome do noso Grupo, felicitar a todos os membros desta Corporación e sobre todo aos seis membros da oposición polo ton que se ten notado nestes último plenos, esperemos que isto continúe así ata as eleccións de bo ton e despois que gane o mellor.

En canto ao tema que traemos aquí hoxe, este proxecto de catro marquesiñas no noso rural en tres parroquias en concreto, empezando por Soutelo, hai un grupo de chalés no lugar de Agros, un grupo de 24 casas e os rapaces que hai alí están esperando os autobuses á intemperie e alí no cruce onde se entra para os chalés vaise a executar a primeira das marquesiñas. A segunda en Entenza, diante do centro cultural na esquina do cerre que teñen no centro cultural no aparcamento, polas mesmas razóns que expuxen antes e na parroquia de Parderrubias vaise a executar dúas. A de Parderrubias sabedes que é a máis poboada e que ten unha poboación infantil bastante potente despois da Esfarrapa, unha nas zonas de chalés da Presa no cruce que vai cara ao Penedo Redondo e a outra no torreiro do Centro Cultural entre a estrada e o torreiro de festas a nivel da estrada. Estas marquesiñas nós óptamos en vez de estar pendentes dos provedores que van ofrecendo distintos modelos, optamos por deseñar un modelo propio co arquitecto municipal, vanse executar todas iguais, é dicir, o modelo xa o temos prefixado, xa o puxemos en Picoña-Carballal e outra que puxemos aí en Serra-Salceda, no cruce da Gándara. O modelo vai ser exactamente o mesmo, execútanse en granito Salceda, granito flameado de planchas verticais, con tellado de chapa plegada para recollida de auga, leva dous bancos de asento tamén de granito da nosa terra e un lateral acristalado. O banco de fondo non se executa corrido de todo, déixase un pequeno espazo para a xente con discapacidade para meter a cadeira de rodas que é como piden agora as normativas. Porqué executamos nestes materiais agora? Pois a oposición sempre nos di que son moi caras estas marquesiñas, eu non o vexo así, as últimas que se compraron a unha empresa aprovisionadora de aquí que puxemos no Cerquido andan nun prezo bastante similar a estas e son metacrilatos, unha estrutura metálica simple, entón optamos por este modelo propio que é un selo de identidade e bendito sexa o aluvión de xente nova que chegou as nosas parroquias con matrimonios novos e unha poboación infantil e xuvenil potente a que hai que darlle servizos.

A execución pretendemos facela canto antes polo importe de 31.719,45€ co IVA vai a 38.380,53€, pretendemos executalas canto antes, antes de que remate este curso



calculamos que para febreiro estarán listas.

Sr. Rodríguez Davila: No punto anterior estabamos falando de como se utilizan os recursos e este punto ben como anel ao dedo porque aquí é como se mira como o goberno decide onde, como e de que maneira gastar os recursos públicos. Vaia por diante que nós estamos de acordo, que son necesarias as marquesiñas, outra cousa é que esteamos de acordo con este modelo, como se executa, o seu prezo, etc... que son cousas ben diferentes. O digo para que despois non mal utilicen o que se fala e o que se acorda neste pleno. A discrepancia sempre é boa e sobre todo a coherencia é moi importante e na vida hai que intentar sempre practicala e insisto unha vez máis, e a veces nos equivocamos, aínda que a pesar de intentar ser coherentes a veces nos equivocamos, pero si o intentas tes menos posibilidades de equivocarte que si non o intentas. Cando xa das por feito todo e cando máis ou menos que máis da, mil euros arriba ou mil euros abaixo, en cada decisión que se toma dende o Goberno. Lles puxen antes o exemplo do carreiro do Rollo, que van vostedes a executar con 130.000€, si vostedes aí aforrasen un mínimo de 50.000€, que é posible facelo e aforrásemos neste importe que vostedes van a gastan nestas marquesiñas, que é posible aforrar entre 5 e 10.000€ perfectamente, teríamos un importe de 70.000€. Saben para que serven 70.000€ que poderíamos aforrar con estas dúas decisións que vostedes tomaron e van a tomar no día de hoxe? Pois facer outro ramal de saneamento moi importante, ou dous ramais de saneamento que vostedes contemplan nesas necesidades, así de simple, só con eses dous exemplos, pero poderíamos estar aquí falando de múltiples decisións que tomaron vostedes nos últimos anos dende que gobernan. Por iso que con esas decisións que a veces se toman á lixeira e sen pensar realmente nos recursos que temos eu creo que non é serio pola parte de vostedes. Por exemplo, temos a medias unha marquesiña na Devesa a día de hoxe, unha das marquesiñas que hai na parada da Devesa está a medias, por dicir de algunha maneira, porque como ben saben vostedes e os usuarios que padecen esas consecuencias, un lateral esta sen cubrir, miraron vostedes outras alternativas? Xa dixeron que non, que vostedes teñen un deseño modelo e polo tanto non hai posibilidade de aportación ou de consenso ao respecto. <presentaron vostedes a este grupo a posibilidade de participación respecto da decisión do modelo da marquesiña, das diferentes opcións para consensuar o deseño, o custe da mesma ou o tamaño ou tamaños, ou é que hai que facer todas as marquesiña por igual, ou é que é o mesmo unha parada ou outra parada?

No sentido dos usuarios, non é o mesmo un entorno que outro, me refiro que non é o mesmo o casco urbano que o rural, non é o mesmo un entorno ao lado dun ben patrimonial que non, non é o mesmo unha pista municipal en un barrio do noso Concello que ao lado por exemplo dun conxunto de atrio dunha igrexa ou dun cruceiro non é o mesmo, polo tanto, creo que esas cousas é importante debatelas e aí é onde debería haber un acordo da Corporación respecto de tomar unha posición nestas cousas para que os diferentes gobernos de turno vaian cambiando en función dos seus gustos ou das súas decisións. Creo que son temas que quedan para o patrimonio do Concello e eu creo que sería bo e necesario ese debate que



lamentablemente non se ten dado, e por iso nós lle preguntamos, parécelle sensato, serio facer este gasto cando teñen vostedes decenas de empresas sen cobrar a día de hoxe ou centro de miles de euros sen pagarlle as empresas, cantos euros e cantas facturas van deixar de pagar este ano? Estamos a poucos días de rematar o ano, nos poderían dicir vostedes cantos miles de euros van deixar de pagar e cantas empresas? Iso é unha reflexión seria que deberían facer vostedes, a día de hoxe seguen sen pagarlle o que lle deben a gasoliñeira, a día de hoxe seguen os nosos vehículos municipais ir a Porriño a repostar e como vai ser o procedemento de adxudicación? Nolo pode explicar? Porque na Comisión non o deixaron ben claro. Van vostedes facer licitación pública con publicidade para que calquera empresa, calquera autónomo se poida presentar a mesma? Van vostedes facelo por invitación restrinxido a tres empresas? Ou van facelo vostedes por adxudicación directa, e dicir, a dedo?

Sra. Castiñeira Alén: Creo que o máis importante o perdemos de vista, que é atender ás demandas dos veciños e veciñas, ou sexa, a nós non se nos ocorreu da noite para a mañá colocar estas marquesiñas no barrio da Presa, no Centro Cultural de Entenza e Parderrubias e en Soutelo nos Agros porque nos pareceu inxenioso, é porque resulta que os veciños e veciñas acudiron a nós porque os seus rapaces collen o autobús á chuvia e se coñecesdes esas parroquias, saberedes que esas paradas están sen marquesiña. Eu creo que o primeiro no que vostede non fixo unha reflexión foi neste aspecto, en que hai que atender ás demandas da veciñanza, pode discrepar no custe, pode discrepar no deseño, non lle gustará máis ou menos que sexa de granito de Salceda, pode discrepar en moitas cousas pero dicir que son cartos mal invertidos vai perdoarme. Esa clase de economía que nos deu mesturando facturas pendentes con destinar diñeiro a marquesiñas, cando estamos falando de aprobación dun proxecto que é moi probablemente irá financiado con fondos do Plan Concello, ese maremagnun que fixo aí, pode chegar á xente pero sempre digo que a xente de Salceda é intelixente, eu creo que non debería facelo, non debería confundir a xente mesturando churras con merinas. Sorpréndeme, sempre facía esta parte o compañeiro Tivo de cuestionar os técnicos e técnicas que redactan os proxectos e as memorias, sempre os cuestiona, eu creo que non é xusto, nin vostede nin eu creo que tiñamos certa formación en arquitectura nin en deseño e podemos emitir unha opinión, pero dende logo cuestionalos non está nada ben. Creo que hai que respectar aos profesionais que se equivocan, é lícito, creo que temos que ter todos a posibilidade de equivocarnos. En canto a facer a contratación tamén é feo que deixe caer as cousas así como se non se fixeran cumprindo a lei, sabe cal é resposta de como se vai a facer a contratación como se fai neste Concello sempre de maneira legal e como permite a Lei de Contratos, Santi, debería sabelo.

Sr. González Coto: Para nós para o Grupo Socialista as marquesiñas son necesarias, a dotación destas catro marquesiñas tanto en Soutelo, Entenza como en Parderrubias é unha demanda para solucionar a situación para todos os nosos nenos e nanas, o noso voto vai ser positivo.



Sr. Rodríguez Davila: Sres. do goberno, os veciños lle pediron este modelo de marquesiñas? Os veciños lle pediron este gasto nestas marquesiñas? Ou os veciños lle pediron marquesiñas? Nós estamos a favor das marquesiñas pero estamos en contra deste modelo ou podemos estar en contra do custe, que é do que estamos en contra realmente, non estamos tanto en contra do modelo senón do custe dese modelo. Ninguén puxo en dúbida que o procedemento que vostedes vaian a decidir licitar sexa ilegal, non confunda, non terxiverse, nós estamos dicindo e lle preguntei e vostede non me respondeu, nin vostede nin a Alcaldesa, cal é o modelo que van a seguir, val dos tres porque os tres son legais, cal? Nolo poden dicir, díganolo. Teñen decidido xa o deseño e case seguro que teñan decidido tamén quen vai a facer esas obras, ou supoñémolo, e o tempo o demostrará. Nós o que lle pedimos e que si vostedes realmente queren que todos os veciños teñan as mesmas oportunidades que lle dean a oportunidade a todos os veciños e si logo non hai ningún veciño salvo un ou unha empresa é totalmente lícito e nada que dicir. Nós o que lle estamos dicindo é por suposto que lle deán a oportunidade a todos os que teñan intereses de poder executar esta obra, xa que vostedes non van a renunciar á mesma e xa que vostedes deciden gastar case 40.000€ en catro marquesiñas pois moi ben non vamos a votar en contra.

Nós non puxemos en dúbida a necesidade das marquesiñas o que estamos pondo en dúbida, é máis, non estamos de acordo é co importe das mesmas, non estamos de acordo co procedemento que van facer para a contratación porque o damos por feito, e o que lle pedimos é iso, que o fagan público e teña todo o mundo a oportunidade de optar a ser contratados a facer esta obra, que o fagan público que problema hai, e si logo non se presentan máis que un ou dous non pasa nada, déanlle a oportunidade aos autónomos de deste Concello e a diferentes empresas a que teñan a opción de poder licitar esta obra. Logo me dicía vostede do Plan Concellos, o Plan Concellos pódese destinar para amortizar débeda e vostede sábeo, entón igual que se pode destinar para facer obras tamén, vostede saben perfectamente o que estou a dicir o que pasa é que non lle interesa o debate e xa está non pasa nada, vostede son o Goberno e van a aprobar isto pois perfecto, este grupo se vai a abster, porque insisto, nós non estamos en contra das necesidades de poñer unhas marquesiñas, estamos en contra do gasto que o Goberno vai a facer en estas marquesiñas que son cousas ben diferentes, polo tanto, ese é o noso posicionamento e me gustaría que me contestase o que lle dixen cal vai ser o procedemento que van a seguir para licitar esta obra dos tres modelos que hai, vai ser por licitación pública con publicidade que é o que nós pedimos, vai ser por invitación restrinxida a solo tres empresas ou vai ser por adxudicación directa, é dicir, a dedo a unha empresa en concreto, nolo pode contestar, por favor.

Sr. Rodríguez Canosa: O deseño forma parte da decisión do goberno para algo gobernamos e decidimos facer este proxecto, este deseño co seu orzamento evidentemente, non sei que problema houbo na execución das anteriores, porque non sei si ten algún problema coa empresa que fixo as anteriores en concreto ou non, porque non preguntou por exemplo, como se vai facer a adxudicación da



coberta do pavillón. Non sei que diferenza hai, igual ten algo encontra da empresa que fixo a anterior execución. Na liña 1 do Plan Concellos non se pode amortizar débeda e isto vaise incluír na liña 1. E respecto de como repartimos o diñeiro, evidentemente entra dentro da parte da acción do Goberno. A Xunta ten publicados os orzamentos para 2023 e dentro do proxecto de orzamentos bastante denso, bastante difícil de localizar por certo, está o anexo de investimentos de Augas de Galicia e nese anexo de investimento pódese ver que cito textual *“contribuír técnica e economicamente para garantir uns accesos as servizos básicos de saneamento e de depuración dos cidadáns de Galicia”* orzamento 2023: 71 millóns de euros. Si vas vendo por cousas desagregadas ves por exemplo actuacións de saneamento en Paradelo e Reguengo – Caldas de Reis, 1.019.000€, ampliación do saneamento no Concello de Padrón 800.000€ e non estamos falando de edar, estamos falando de acción de saneamento. “Actuación de abastecemento e saneamento no Concello de Outeiro de Rei” 200.000€, “ampliación decantación en Cambados” 3.700.000€, podo seguir buscando. Curiosamente si que hai para Salvaterra, “Mellora de abastecemento en Arousa” 2.800.000€. Aquí podía estar incluído o saneamento de Soutelo e Entenza e debería darlles vergoña que os vosos compañeiros do Partido Popular de Augas de Galicia non fan o saneamento. Vostedes sempre din que é competencia municipal, porqué Augas de Galicia destina 71 millóns de euros a obras de saneamento en outros Concellos de Galicia? E en todos este anos porqué a Xunta de Galicia non tivo a ben sanear Entenza e Soutelo? Ou unha parroquia sola que sexa Soutelo un millón e medio, medio millón, algo, a Xunta vai gastar no 2023 71 millóns de euros en obras de saneamento e en Salceda, Entenza e Soutelo, cero.

Sra. Alcaldesa: Quero aclarar que o que se está votando hoxe aquí e a aprobación do proxecto das catro marquesiñas, non é a aprobación nin do proceso de licitación nin do proceso de decisión do que vai na liña 2 de amortización de débeda e actividades nin o que vai sequera na liña 1, estamos aprobando o proxecto das catro marquesiñas, non mesturemos unha cousa coa outra e con unha terceira e con unha cuarta como acaba de mesturar o compañeiro do Partido Popular.

Sr. Rodríguez Davila: Efectivamente estamos votando o proxecto pero é que no proxecto vai o importe, vai o deseño e vai todo e polo tanto nós nos vamos a abster, matizando o que dixen anteriormente.

Sra. Alcaldesa: Insisto o que se vai a votar hoxe é o proxecto e con ese importe, pero non é nin o procedemento de licitación, nin como se adxudique. Volvo a repetir se adxudicará conforme a lei unha vez aprobado o proxecto e pasados todos os trámites que debe pasar un proxecto nun Concello. Paso a dar lectura da proposta seguinte:

“Visto o proxecto de obras de construción de catro marquesiñas nas parroquias de Soutelo, Entenza e Parderrubias, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 04.12.2022, ascendendo o total do orzamento de contrata a 38.380,53 € (IVE do 21 € incluído), ascendendo o IVE a 6.661,08€ e o presuposto sen IVE a 31,719,45 € e sendo necesaria a aprobación do mesmo.



Visto o informe técnico núm. 2022-0373 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2022-0031 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras de construción de catro marquesiñas nas parroquias de Soutelo, Entenza e Parderrubias, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 04.12.2022, ascendendo o total do orzamento de contrata a 38.380,53 € (IVE do 21 € incluído), ascendendo o IVE a 6.661,08€ e o presuposto sen IVE a 31,719,45 €.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP. “

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e **PSdeG-PSOE(3)** e **SEIS ABSTENCIÓNS** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras de construción de catro marquesiñas nas parroquias de Soutelo, Entenza e Parderrubias, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 04.12.2022, ascendendo o total do orzamento de contrata a 38.380,53 € (IVE do 21 € incluído), ascendendo o IVE a 6.661,08€ e o presuposto sen IVE a 31,719,45 €.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.



B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2022-1312 de 24 de outubro ata o núm. 2022-1544 de 16 de decembro.

Sr. Rodríguez Davila: Con respecto do Decreto relativo ao expediente 2444, nós felicitamos de que o Goberno, neste caso a Sra. Alcaldesa, fixera este decreto notificando á propietaria desa vivenda que hai a Devesa da situación na que se encontra en ruínas e polo tanto, como todos somos coñecedores das circunstancias, nós o que queremos é que poñan lupa neste asunto porque sabemos todos do perigo que aquilo está e das consecuencias que vai a ter este decreto e polo tanto, o que pedimos é persistir no tema e tomar algunha decisión ao respecto e por suposto que teñen o apoio deste grupo porque creo que é necesario tomar medidas da situación desa vivenda que se atopa na Devesa.

Sra. Alcaldesa: Unha vez que se asina o Decreto, que se toma esa decisión, seguiremos no procedemento que se adecúe e eu tamén considero que hai que poñerlle algunha solución a esa situación.

Queda dada conta dos decretos dende o núm. 2022-1312 de 24 de outubro ata o 2022-1544 de 16 de decembro.

Votación de petición de comparecencia ao abeiro do artigo 51.a) do ROM.

Sra. Castiñeira Alén: Pido a palabra por cuestión de orde para solicitar á Sra. Secretaria que informe si despois dos interrogantes que se poidan plantexar por parte dos distintos Grupos, compañeiros e compañeira de Corporación e tendo en conta que é un asunto moi documentado, si este pleno votase a favor pode comparecer nesta mesma sesión, adiantoume vía telefónica que si, que era posible pero gustaríame que quedase claro tamén na acta.

Sra. Secretaria: Contesta que si pode comparecer nesta mesma sesión.

Sra. Castiñeira Alén: Quero explicar o sentido do noso voto. Movemento Salceda e eu mesma creemos na transparencia, na información e dende logo a nosa posición será favorable sempre a dar as explicacións que se nos pidan en asuntos de carácter público, en prol da transparencia e porque esta Tenente de Alcaldesa e Concelleira de Personal non ten nada que ocultar e vou comparecer ante vostedes, máis aínda, para min, e como xa dixen na anterior comparecencia, é unha honra falar de calquera cuestión, todos e todas persoas que me coñecen saben que defendo a democracia e a transparencia. Son unha persoa que no exercicio do meu cargo non me agocho as miñas responsabilidades ao servizo das veciñas e veciños de Salceda porque traballar polo meu pobo é a única razón pola que estou aquí e traballar polo meu pobo en



democracia tamén é dar contas, neste asunto como noutros deste Concello busco sempre defender un fin público, traballar polas veciñas e veciños que nos puxeron aquí a todos e a todas e tamén polos traballadores e traballadoras na súa totalidade. Quixera destacar antes da votación que descoñezo cal é a intención do Partido Popular ao querer sacar a relucir aquí unhas cuestións que xa están resoltas, pero si o que pretenden é insinuar que detrás de ese expediente aberto polo ex-Alcalde, Marcos Besada, sendo eu Concelleira de Persoal houbo algún razoamento político por ser a persoa expedientada irmán dun destacado Concelleiro do PP, quero desmentilo rotundamente. Xa sei que hai unha frase de orixe medieval que di “excusatio non petita acusatio manifesta”, seguramente o Sr. Rodríguez Davila me diga que cando digo esta realidade que me estou auto acusando. Quero dicilo de novo con claridade e contundencia, este expediente foi aberto sen mirar a persoa só se tiveron en conta os feitos que despois de aprobar a comparecencia relatarei para todos e todas vostedes, e quero dicir coa cabeza ben alta, que nin o Ex-Alcalde, Marcos Besada, nin ningún dos compañeiros e compañeiras de Movemento Salceda nin eu, señores e señoras, gobernamos dende o rencor, nin dende a inquina, nin dende o resentimento, máis sempre quixemos facelo dende a xustiza, a transparencia e a igualdade de oportunidades para todos e para todas e nesa intención estou como Alcaldesa nos primeiros anos e como Tenente de Alcaldesa e Concelleira de Persoal despois, na intención de ser o máis xusta posible, pero non me pidan que sexa infalible porque ata as persoas máis sabias se equivocan de cando en vez, eu tamén reclamo ese dereito, dereito a equivocarme. O noso voto vai ser a abstención por pura coherencia, xamais sería en contra porque queremos exercela transparencia e non impedir a comparecencia pero tampouco a favor pois trátase da miña propia comparecencia, quedo pois a disposición do que decida a Corporación e realizarei esa comparecencia.

Sr. Rodríguez Davila: Sra. Dolores Castiñeira, vostede mesma se acaba de retratar porque na Comisión vostede dixo que ía comparecer no Pleno de febreiro. Unha vez máis falta a verdade falta a palabra. Está recollido na acta desa Comisión que vostede dixo que ía comparecer no pleno de febreiro e agora cambia a estratexia porque di, así o PP non ven preparado, non trae a documentación e non ten con que defenderse e eu salvo os mobles, porque senón porqué vostede cambia a decisión que nos manifestou publicamente diante da Sra. Secretaria Municipal e diante das persoas que formamos parte da Comisión de Asuntos de Pleno que vostede ía comparecer no Pleno de febreiro e agora acaba de dicir que vai comparecer neste Pleno si así o aproba o pleno. Nos podes explicar o cambio desa posición, porque vostede está faltando á verdade respecto desa decisión, non se preocupe que si vostede quere comparecer e que si o pleno aproba a comparecencia no día de hoxe, non se preocupe que teño aquí a documentación e sabe porqué? Porque nós xa sabíamos que vostede ía a facer esta xogada, xa o sabíamos sabe porqué? Porque tristemente xa non nos fiamos.

Sra. Alcaldesa: O Partido Socialista creo que demostramos toda esta legislatura e máis aínda dende que ocupamos a Alcaldía o mes xuño do 2021, demostramos que o



que nos gusta é a negociación, tamén nos gusta moito a transparencia, por suposto e o que non nos gusta para nada é ir prendendo lumes, ante esta situación o Partido Socialista se vai a abster, se vai a abster no afán de non ir prendendo lume a nada eu creo que demostramos que fomos quen de negociar, que fomos quen durante esta legislatura de poñer punto final a moitas liortas que había neste Concello e eu como Alcaldesa e como representante do Partido Socialista vamos a seguir na liña de coherencia que o Partido Popular pedía ao principio deste pleno en algún dos puntos, e por coherencia nós tamén nos vamos a abster, a propia Tenente de Alcalde e Concelleira de Persoal xa anunciou que ela comparecía igual, pero eu creo que non podemos estar na liorta día tras día, mes tras mes, ano tras ano e legislatura tras legislatura, e por ese afán de que haxa transparencia e ao mesmo tempo pedir por favor que coa negociación, co dialogo dos acordos se pode gobernar o estamos demostrando e deberíamos unirmos todos e todas para seguir chegando a acordos e para seguir solucionando os problemas non só do persoal do Concello de Salceda senón da veciñanza que é o que nos debe ocupar en vez de estar nestas liortas día tras día.

Sr. Rodríguez Davila: Nós non queremos conflitos o que pedimos é unha comparecencia para explicacións e o que quero dicir é que a comparecencia se ataña ao Regulamento que vostedes aprobaron e que está publicado, lle pido a Sra. Secretaria que si a comparecencia si se aproba, se respecte o Regulamento que regula este tipo de cuestións, é dicir, as comparecencias.

VOTACIÓN: Sometida a votación a comparecencia, esta resulta APROBADA por SEIS votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, e SETE ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3).

Sra. Castiñeira Alén: Sra. Alcaldesa, Sres. compañeiros e compañeiras do Goberno de PSOE e Movemento Salceda, Sr. Portavoz da oposición, Sres e Sras Concelleiros, tralo acordado por esta Corporación nesta mesma sesión paso a comparecer para dar conta dos pormenores do expediente disciplinario 741/2019 e tratar de respostar aos plantexamentos propostos polo Partido Popular e abondar en outros pormenores.

Quero indicar en primeiro lugar que diante da necesidade de preservar a identidade do traballador aludido usarei traballador ou funcionario en vez do seu nome, lembrarei que xa nunha ocasión o traballador presentou unha denuncia contra min na Axencia Española de Protección de Datos polo feito de fixera mención o seu expediente neste Pleno e aínda que posteriormente a Axencia arquivou sen sanción, quero dicir que vou tratar de evitar dicir o seu nome porque entendo que poida sentirse molesto eu quixera ademais que as relacións entre este traballador e co resto de traballadores e traballadoras do Concello fosen boas no tempo que me toque xestionar ou incluso si algún día me toca estar na oposición, que fosen boas cando marche porque estamos na Corporación, sabemos ben, de prestado, pónennos cada catro anos os veciños e veciñas para que xestionemos pero despois



temos que voltar a nosa vida, a nosa realidade, a o noso traballo e eu non quero que ninguén cruce a outra beirarrúa para non saudarme, quero mirar a cara a veciñanza na rúa ou no supermercado ou onde me cadre porque Loli Castiñeira viu aquí para traballar por Salceda pero non eternamente e vin a aportar o meu gran de area dende a humildade e o respecto, sempre. Eu teño vocación política pero a vida no Concello non é pisar moqueta é traballar día a día e escoitar, estar as duras e as maduras e dicirlle as persoas -isto non pode ser- e sentir que defraudas a moitas e alegrarse ademais con pequenas solucións, e, compañeiros e compañeiras, correr e tropezar, vivindo momentos difíciles e podo dicir que o meu gran momento difícil foi este expediente, o expediente 741/2019, porque non se trata de castigar un neno ou nena na clase é un expediente de un funcionario aos servizo dos veciños e veciñas que non obedecía as ordes do seu xefe. Entendo a dor que poido sentir o traballador e podo asegurar que non foi para nada por ser quen é, xa o dixen antes, nin foi por ser familiar dun Concelleiro da oposición nin pesou de ningunha maneira ningún dato que puidésemos coñecer da súa vida senón o feito da desobediencia esa foi a única razón.

Este expediente foi aberto sendo Alcalde o meu antecesor no cargo Marcos Besada co meu apoio como Concelleira do goberno e como Concelleira de persoal, e tocoume a min continuar co mesmo coa resolución, coa resolución e frear a maquinaria xudicial para poñerlle fin acatando a primeira das sentencias. Quixera dicir que co apoio da compañeira de Goberno e Alcaldesa, Verónica Tourón e o resto do Goberno, tomei a decisión de retirarnos do proceso cando xa o noso representante legal presentara o recurso. Eu sei que o traballador non está a vivir un bo momento e aínda que a relación entre os dous era de traballo algunhas persoas me falan de que sería bo pórle fin a este proceso e rematar con esa dor, especialmente a dor do traballador, pero aínda que moitos non me viades a crer tamén a miña, atopei a oportunidade ordenando acatar a sentenza que era recorrible sendo ademais coherente comigo sempre tiven respecto polas decisións da xustiza e por iso quixen frear o noso recurso, paso a pormenorizar os feitos máis salientables, ou polo menos que eu considere máis salientables, neste expediente disciplinario 741/2019.

O expediente disciplinario foi aberto diante dunha desobediencia do traballador ao Alcalde, Marcos Besada, está de actualidade que o Concello de Salceda atrasou os pagos a unha gasolinera local o propio Partido Popular fixo público recentemente a débeda con esa gasolinera e o feito de que o Concello debe repostar noutro Concello porque esa gasolinera non nos subministra, pois ben, as dificultades precisamente para atender os pagos a este provedor non son deste ano, xa existían no mandato anterior e as facturas íanse acumulando, tendo que intervir o Alcalde para o seu pago levando a cabo todo o que estaba na súa man, Marcos Besada pretendía responder e ademais resolver con este provedor porque non quería que o Concello tivese que ir a repostar a outro municipio e porque era unha empresa local-Supoño que isto lle sona, o traballador puxo atrancos ao pago amparándose en que a empresa que facturaba era distinta a que debía cobrar e pasou por alto unha cesión



de crédito, tendo o Alcalde que demostrarlle que o que lle estaba a pedir era totalmente legal, en definitiva o traballador que ocupaba a praza de tesoureiro de maneira interina puxo todos os atrancos posible mentres o Alcalde tentaba que os pagos se fixeran efectivos para que un provedor local puidese seguir traballando, non se cortase o subministro ao Concello e non ter que ir a repostar a outra localidade porque iso suporía aínda máis gasto. Para que o traballador procedese o pago pasaron, entre outras cousas estas, primeiro: o Alcalde ordeou unha resolución do pago o día 30/10/2018 pasaron xa catro anos e hoxe voltamos a falar disto. Segundo, o 13/11/2018 preséntase documento que acredita a cesión do crédito que permite que o Concello poida pagarlle a empresa para os pagos. Terceiro, o tesoureiro redactou un primeiro informe o 3/12/2018 no que fai referencia a base 26 de execución do orzamento que entre outras cuestións esixe que se instrumente en escritura pública notarial e que se acepte formalmente a cesión polo Concello, considerase que ata este punto o Tesoureiro actuou correctamente, expuxo o que considerou oportuno e isto é sempre lexítimo. Cuarto, o 5/12/2018 dítase unha segunda resolución de Alcaldía na que se di que debe atender o pago, opera a cesión de crédito de acordo co artigo 200 da Lei de Contratos do Sector Público que é suficiente coa mera toma de razón por tanto non hai que aceptala formalmente. Quinto, o 11/12/2018 o Tesoureiro emitiu un segundo informe, moi importante este porque acepta o que se lle di polo Alcalde so que anuncia que quere esperar que se diga por intervención si hai inconveniente senón xa anuncia que en cinco días fará o pago. Sexto, o mesmo día o 11/12/2018 hai unha terceira resolución de Alcaldía na que se lle di que non espere a eses cinco días que indica no seu informe senón que proceda a facer o pago de maneira inmediata. Sétimo, o 12/12/2018 emítese un terceiro informe do tesoureiro no que contradí o que dixo no informe interior e pon unha soa pega que xa non é de cumprir a base 26 de execución do Orzamento senón unha cuestión meramente burocrática que era de intervención que ten que modificar o documento contable denominado ADO. Oitavo, o 13/12/2018 dítase a cuarta Resolución de Alcaldía na que se lle dá traslado do informe de Wurth, empresa de xestión da aplicación informática de contabilidade, no que se indica que esa modificación dos documentos contables pódela facer o propio tesoureiro e reiterásele a orde. Noveno, o 18/12/2018 dítase unha quinta resolución de Alcaldía na que coa única finalidade de non prexudicar a un terceiro, a gasoleira, o Alcalde prégame as exixencias formais do tesoureiro en dous sentidos, aceptase formalmente a cesión, que xa estaba aceptada, e requírese a intervención que modifique os ADOS.

O proceso do expediente foi longo, seguiu todos os trámites legais e non quero traer a miña comparecencia toda a documentación sen embargo entendo, co permiso da Alcaldesa, que queda ao seu dispor e poderán acceder a calquera documento do expediente 741/2019, a resolución do expediente está amparada polos informes técnicos pertinentes diante dunha situación complexa, sobre todo no aspecto humano, os nosos asesores legais recomendaron acudir a un informe externos tal e como se fixo. Os informes externos poden solicitarse e contratarse directamente se non pasan da contía establecida na Lei de Contratos do Estado, como temos feito en moitas ocasións no Concello, e sendo, este é o caso, ao estar moi por abaixo da



contía máxima encargamos o informe a un gabinete especializado que nos recomendaron os nosos propios asesores. Da lectura do informe deduciase que a suspensión de funcións do traballador podía facerse de 15 días a 3 anos, despois de estar demostrada a desobediencia non se podía deixar sen sanción algunha ao traballador e optamos por 15 días, o mínimo legal sancionable. Despois de ser notificada o 24 de xullo a resolución, o traballador, este decide recorrer por vía Contencioso-Administrativa, que na primeira sentenza recorrible ordena suspender a sanción imposta, tamén esta sentenza queda ao seu dispor por si precisan analízala ou examínala. A partir de esa sentenza desenvólvense uns feitos descoñecidos por moitos e moitas de vostedes e pola opinión pública, este Goberno nunca fixo público nin a resolución da sanción imposta nin os feitos que vou a relatar a continuación, por certo, tampouco o feito de que a Axencia de Protección de Datos arquivou a denuncia que o traballador presentou contra min porque non quixemos facer escarnio público nin sacar rendemento político duns feitos que por razón que descoñecemos agora queren darlle luz.

Cando se coñeceu a sentenza de feito automático o avogado encargado presentou un recurso á mesma diante do Tribunal Superior de Galicia, saben vostedes que cando se designa un avogado ou avogada estes teñen a liberdade de actuar e así o fixo, recibimos a notificación do recurso a sentenza cando xa estaba presentado, ademais este asesor informounos que en ámbito superior podía gañarse e segundo a apelación vou a citar textualmente o que recollía, segundo a apelación a sentenza de instancia a pesar de admitir sen dúbida que o funcionario desobedeceu as ordes que lle foron dadas pola Alcaldía e menciona expresamente a desobediencia que sen dúbida sucedeu no comportamento do funcionario e dar por probado tamén que a respostas que o funcionario foi dando as sucesivas ordenes municipais foron cambiantes, con todo decide estimar o recurso sobre a base duns argumentos condescendentes e de todos benévolos co comportamento do funcionario que con todo creemos que non se xustifican en función das circunstancias realmente concorrentes nin se axustan a realidade dos feitos tal e como ocorreron. A sentenza incorre por iso tanto en erro como na valoración da proba como na aplicación do dereito e tamén di a apelación, a sentenza di que o funcionario se amparou na Base 26 das Bases de Execución do Orzamento ao entender que a actuación da Alcaldía vulneraba a normativa, que por parte da Alcaldía non chegou a haber unha actuación de firmeza para impoñerlle o cumprimento da orde e que non se demostrou cal fora o comportamento do funcionario en ocasións semellantes anteriormente e que non se causou prexuízo grave aos intereses públicos e a demora que causou o funcionario no pago que se lle ordenou soamente foi de dous meses. O recurso indicaba que tales argumentos non resultan correctos, de entrada e a pesar de que a sentenza parece dar a entender que o comportamento do funcionario amparouse nas dúbidas sobre a aplicación da Base 26 de Execución do Orzamento e a consecuente necesidade de outorgar escritura pública de cesión exixida na devandita norma regulamentaria, a realidade é que non foi así, pois esa cuestión o funcionario so a indicou no seu primeiro informe do 3/12/2018 cando a Alcaldía contéstalle en Resolución do 5/12/2018 que por enriba das Bases de Execución do Orzamento está



a Lei conforme ao artigo 200, é suficiente coa mera toma de razón a partir de esa data o funcionario xa non volve invocar este argumento, nin se volve a amparar na Base 26, nin manifesta dúbida algunha respecto diso, co que se entende acepta o indicado pola Alcaldía, senón a partires de aí, procede a ir ofrecendo novas e cambiantes desculpas para negarse a cumprir coa reiteradas ordenes que se lle dan por escrito ata cinco ordenes, por tanto, non é correcto reconducir a cuestión como fai a sentenza a unha suposta discusión ou diferenza de criterio entre o funcionario e a Alcaldía sobre a eventual aplicación das exixencias da Base 26 da Execución do Orzamento debido a que, a parte que con toda evidencia non tiña razón o Tesoureiro como a propia sentenza reconece, esta cuestión foi liquidada xa dende o principio e o funcionario non volveu insistir nela.

Todos os feitos que xa lles contei cando se produciu a desobediencia no principio da miña comparecía foron tamén plantexados e cito: nunha secuencia de feitos se evidencia que, contrariamente ao que indica a sentenza non se trata dunha discusión de alcance normativo sobre o alcance da Base 26 do Orzamento senón que o Tesoureiro quixo botarlle un pulso a Alcaldía negándose a cumprir a orde de pago sen razón e con argumentos cambiantes. Evidenciase tamén que a Alcaldía si actuou con firmeza e requiriu ata en cinco ocasión e por escrito ao Tesoureiro para que fixese o pago desvirtuando as diferentes pegas que este ía poñendo para evitalo, así mesmo o argumento que emprega a sentenza relativo a que o Concello non chegou a acreditar como actuou o funcionario no pasado diante de actuacións semellantes, creemos que está fora de lugar e resulta irrelevante para a resolución do procedemento sancionador, pois neste procedemento sancionador analízanse comportamentos concretos do funcionario e non a súa actuación global no pasado. O feito de que no pasado o funcionario desobedece ou non outras ordes de Alcaldía carece de toda relevancia para a resolución deste proceso, no que soamente se axuiza a concreta infracción obxecto do expediente e a sanción que a ela vai aparelhada, a conclusión da apelación establecía que é evidente que o funcionario quixo desobedecer as ordes de Alcaldía que foron insistentes, reiteradas, fundadas en dereito, por escrito e con argumentos consistentes baseados en argumentos irrefutables, esta desobediencia non se levou a cabo de forma directa senón con subterfuxios e desculpas e precisamente por iso acabáselle impoñendo a sanción máis leve de todas as posibles, pero a desobediencia é manifesta é inxustificada baseada en argumentos erráticos que se ve que non eran máis que desculpas sobre todo despois de que tras a segunda resolución de Alcaldía o Tesoureiro decidise asumir o pago e logo sorprendentemente se negase a facelo, alegando novas razóns que inicialmente non trouxera a colación como a suposta necesidade da modificación dos documentos contables por intervención que como se lle demostrou co informe da empresa encarga da xestión informática non se axustaba a realidade. Nesta actuación errática do funcionario que se nega a cumprir as ordenes e que se xustifica en novas e cambiantes desculpas cada vez, vese a súa intención de atrasar o pago coa única finalidade de crear un problema a Alcaldía, enfrontala coa gasoliñeira local sen necesidade, todo iso dentro dun clima de hostilidade que seguiu entre o funcionario e a Alcaldía como unha reacción do funcionario consecuencia da cuestión



da minorización da súa retribucións por mor da actuacións de oficio do Tribunal de Contas que tamén obrigou ao Concello a exixirle a devolución dos excesos percibidos dos últimos anos, cuestión que o letrado do recorrente recoñeceu nas súas conclusións no acto da vista.

Tiña que dicir todo isto porque eran os nosos asesores, para eles era causa gañada pero eu lin atentamente durante varias días, lin a apelación e lin a sentenza, pregunteime si acaso xa o Concello non tiña gastado demasiados recursos, tempo, esforzo para unha sanción de quince días e pensei que as veces tamén é bo perder si se evita sufrimento, durante días debatamos sobre o recurso, plantexaba o avogado que había tempo e finalmente e despois de falalo con Verónica din a orde como Alcaldesa accidental, primeiro telefonicamente e ao día seguinte con un escrito. É posible que vostedes oposición, teñan este asunto como un dos temas de falla de entendemento no Goberno, si ben é certo que houbo criterios dispares sobre todo porque o proceso empezou co PSOE na oposición, si nos puxemos de acordo no esencial que era frear o proceso acatando a sentenza. Tamén teño ese escrito do 18 de agosto do 2021 no que lle pido ao avogado, como Alcaldesa accidental nese momento Verónica atopábase se vacacións, a retirada do recurso, leo un anaco que di así *“a resolución do expediente xa fora no seu día a máis laxa pretendendo rebaixar o custo da mesma e nunca foi intención deste Concello a xucialización do asunto se ben diante do recurso do traballador foi lícito manter a posición de defensa dos intereses do Concello, agora ben, tendo en conta que existe unha sentenza e aínda que a mesma non é firme debemos acatala pois a pesares de non compartila este sucesivos recursos conlevaría costes que non queremos asumir neste momento e creemos que transcorreu o tempo suficiente como para que o proceso non continúe, por todo iso é polo que solicito como Alcaldesa accidental e como responsable da área de persoal a retirada do recurso acatando integramente o resultado da sentenza”*.

Lles digo aquí, eu Loli Castiñeira, que din orden de retirar o recurso porque dixen basta xa, detrás dun funcionario tamén hai unha persoa e nós non somos a Santa Inquisición e xa hai unha sentenza, e digo aquí, que promoverei a apertura dun novo expediente disciplinario a un funcionario ou funcionaria que desobeza unhas ordes de forma reiteradas, claro que si que o farei, porque creo que os traballadores e traballadoras, funcionarios e funcionarias teñen o deber de traballar polos veciños e pola veciñas e aos que nos toca xestionar recollendo a orde directa do pobo temos que velar por ese cumprimento de deberes e tamén temos que cumprir coas nosas obrigas.

Xa para resumir e como conclusión, este expediente púxose en marcha porque a persoa expedientada negábase a pagar a unha gasoliñeira local, houbo unha resistencia da persoa a cumprir as ordes de Alcaldía para que se realizase o pago a esta gasoliñeira que precisaba o pago de maneira urxente, unha empresa local e que o Concello tiña que pagar a demais había diñeiro para facelo, a tramitación dun expediente é un proceso mecánico realizado por Secretaría e que se escapa a acción



política, o escrito de solicitude de por fin ao proceso xudicial retirando o recurso presentado polos asesores xurídicos do Concello que continuaron coa tramitación si é unha decisión política. Quero rematar recordando que o traballo dunha Concelleira de Persoal non é unha camiño de rosas nin pretendía que o fose eu estou aquí porque quero a Salceda, teño unha profunda vocación política e mentres poida e a veciñanza queira vou a seguir aportando e debo dicir que deste mandato me levo con moito orgullo a aprobación da primeira RPT, a aprobación do primeiro Convenio Colectivo para o persoal Laboral, a aprobación recentemente das bases para a estabilización do emprego temporal que sei que aínda queda moitas cousas que facer nese departamento, e efectivamente na Comisión informativa celebrada o luns xa lle adiantei a miña intención de comparecer aínda que lles dixen que ía facelo para o vindeiro pleno tal e como me permite legalmente o ROF pero agradezo poder facelo antes e lles dou as grazas por termo permitido en prol da transparencia e porque non hai nada que ocultar e porque desexo ademais que todos e todas teñamos un nadal tranquilo sen crispación e desfrutando ao máximo da nosa xente, creo que a miña explicación foi suficientemente extensa e explícita para non ter que volver a falar dun tema que xa está pechado.

Gracias por escoitarme e aproveito para felicitar o Nadal a todos e todas.

Sr. Rodríguez Davila: Lle pedín antes a Sra. Dolores Castiñeira que se fixera a comparecencia acatando o Regulamento que vostedes, Goberno, aprobaron, polo tanto lle pido a Sra. Secretaria Municipal que lea os puntos de Regulamento onde regula as comparecencias, non establece nin límite de tempo e establece preguntas do petionario da comparecencia, que neste caso é o Grupo Popular á Concelleira delegada de comparecer, polo tanto lle pido que diga si ese Grupo ten a potestade ou non de facerlle as preguntas que considere oportunas a comparecente.

Sra. Alcaldesa: Da lectura ao Regulamento: *“No desenvolvemento das comparecencias seguirase a orde das intervencións establecidas neste Regulamento”* eu entendo que cando se di no establecido neste Regulamento será para os puntos de debate.

Sr. Rodríguez Davila: Quería comezar como fixen fai un momento, vostede faltou á verdade non co que acabou de dicir, que tamén, porque obviou a instrución dos instrutores, valga a redundancia, que é o máis importante de todo este procedemento. Vostede en ningún momento leu nin un so parágrafo da instrución dos instrutores que vostedes, Goberno, vostede membro de ese Goberno, e vostede responsable de persoal nomeou, no cal era a Sra. Secretaria municipal actual, instrutora dese informe e unha persoa funcionaria da Deputación de Pontevedra, insisto as dúas persoas nomeadas polo Goberno do que vostede formaba parte. Volvendo ao inicial, vostede faltou á verdade na Comisión porque nos dixos aos alí presentes que ía comparecer no mes de febreiro, diante da Sra. Secretaria Municipal, diante da Sra. Alcaldesa e diante dos membros da Comisión, vostede non nos dixos a verdade porque nos mentiu e hoxe comparece, e como nós, como lle dixen



anteriormente, imaxinamos da súa estratexia para deixar de algunha maneira, que non é o caso, indefenso este grupo, vamos a facer a xogadita e entón vamos a comparecer no pleno de decembro e así os pillo desapercibidos e así non teñen nin a documentación, nin os argumentos porque posiblemente non os van a preparar porque confían no que eu lle dixen e entón lles meto un gol pola escuadra pero Sra. Concelleira, non é así, porqué vostede se negou no día de hoxe a ler parte da resolución do documento de instrución respecto da petición da Alcaldía de que si o Sr. Funcionario municipal cumpriu ou non cumpriu a legalidade, si actuou ou non actuou correctamente baixo as súas competencias? Porqué non o leu? Porque iso é moi importante.

En segundo lugar, vostede dixo unha é outra vez que iso se abriu co anterior Alcalde, certo, e vostede responsable de persoal pero esta instrución perseguiu durante o seu mandato como Alcaldesa e vostede Alcaldesa pediu un informe externo para recorrer vía contenciosa esa resolución. Si vostede en ningún momento tivo ningunha maldade de facer dano, etc...que queda moi ben no seu discurso pero a realidade e os feitos, lamentablemente, desméntena, porque vostede con fondos públicos deste Concello, por certo que a nós nos conste segue sen pagar esa factura, vostede con fondos públicos recorreu, mellor dito, solicitou un informe externo a Madrid a un despacho de avogados a Madrid, para ter un argumento onde agarrarse para recorrer ao TSJ para seguir o procedemento. Se vostede fixese caso a ese documento dos instrutores, si fixera caso a esa resolución desa instrución e si vostede actuase como o debería de facer, exactamente como o que hoxe manifestou, esa é a actitude que tiña que haber tomado vostede como Alcaldesa nese momento, unha vez que vostede tiña na man ese informe dos instrutores, si vostede fixera iso non pasaría nin sucedería nada do que sucedeu, vostede estaría en paz con vostede mesma, resolveríase un problema, pero vostede non seguiu, perseguiu porque vostede estaba de acordo, ou ben seguiu instrucións do ex-Alcalde ou ben vostede estaba de acordo, e si vostede estaba de acordo, que nós consideramos que si, é moi grave porque lle vou a ler brevemente a conclusión do documento de instrución dos dous funcionarios, nomeados por vostedes, ou sexa, dúas persoas funcionarios, a Sra. Secretaria municipal máis unha funcionaria da Deputación de Pontevedra fan toda a instrución respecto deste expediente conclúen de unha maneira categórica e contundente en contra do goberno municipal do que vostede formaba parte e do que vostede naquel momento ostentaba a responsabilidade de persoal e vostede fixo caso omiso a ese informe, das persoas que vostedes nomearon e di a conclusión *“de acuerdo con lo expuesto cabe concluir que: no existe desobediencia por parte del empleado público expedientado toda vez que hasta el 21 de diciembre del pasado año no se encontraba formalizado los requisitos reglamentariamente exigidos en la Base de Ejecución de los presupuestos número 26 para la cesiones de crédito por parte del propio Ayuntamiento de Salceda de Caselas procediendo el funcionario tras esa fecha y dentro del plazo a libramiento de pago de los respectivos contables “P” tampoco existió una negligencia en el desempeño de sus funciones de la que se derivasen prejuicios graves para el servicio sino un estricto cumplimiento por parte del Sr. Funcionario de los principios éticos previstos articulo 53 del E. del Trabajador*



del Empleado Público respetando el código de conducta que prevé el art. 52 del citado Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de octubre en cuanto al deber de los empleados públicos de desempeñar las tareas que tengan asignadas velando por la observancia de la legalidad y con arreglo a los principios de objetividad, integridades, responsabilidad, transparencia y ejemplaridad. Séptimo: la conducta del expedientado constituye una aplicación literal del principio de conducta establecido en el indicado artículo 53 sin que realmente le compitiese a él realizar informe de fiscalización donde solo entrasen los reparos derivados de las bases de ejecución presupuestaria con base en el criterio menos restrictivo de la intervención del Estado debiendo calificarse por tanto dicha conducta como profesional y diligente aunque fruto de un acusado celo profesional". É dicir, lle están dicindo os instrutores que non é solo que cumprira a legalidade, que fora estrico, exemplar, etc..., senón que incluso se excedeu das súas competencias no sentido de cumprimento da legalidade da lei, porque vostedes o que pretendían era que incumprira a lei como si o fixeron con outros empregados. Sig lendo, "antes de que como una desobediencia en puridad", é dicir, que está cumprindo por enriba de todo antes de incumplir iso é o que está dicindo as persoas instrutoras, "mantenida con firmeza por el trabajador público". Esa é a resolución e vostede si actúase como o que vostede manifestou fai uns minutos, que estamos totalmente de acordo que ese é o proceder, ese o deber dun cargo público, pero vostede non fixo iso Sra. Dolores Castiñeira, vostede fixo todo o contrario, vostede fixo caso omiso e vostede se permitiu o luxo de pedir un informe externo a Madrid, que nos costou 1.800€ lle recordo, e pagou esa factura? Creo que non, é máis, esa factura non aparece na contabilidade do Concello non está no libro maior do ano 2021 ni no ano 2020, porqué non está esa factura? Onde a meteron?

A proposta de resolución das persoas instrutoras é que "al funcionario la conducta que observó ha de calificarse como responsable con la administración pública en la que presta servicio basada en un acusado celo de profesional que le llevó a un estricto cumplimiento de los deberes exigidos a los empleados públicos por la legislación vigente en la materia guardando en el desempeño de sus funciones respecto de la Constitución y al respecto del ordenamiento jurídico con observación absoluta y estricta de la legalidad y con plena sujeción al procedimiento concreto que para las cesiones de crédito establece la Base número 25 de Ejecución del Presupuesto Municipal de Salceda de Caselas, este funcionario se limitó a explicar lo exigido en las referidas Bases de Ejecución presupuestaria municipal". É dicir, en cumprir o presuposto municipal que vostedes aprobaron e que vostedes pretendían que incumprira, "por todo lo cual ante la inexistencia de infracción administrativa en puridad cometida por el reseñado trabajador expedientado y la ausencia de perjuicios relevantes para la administración y/o los ciudadanos se propone el archivo del presente expediente disciplinario". É dicir, lle piden os instrutores que vostedes nomearon, perdoen que insistan nisto porque estas dúas persoas que foron vostedes as que as nomearon e estas dúas persoas, na súa función impecable de interpretar o que o señor funcionario municipal fixo, é dicir, cumprir a legalidade, cumprir execución orzamentaria, etc... lle piden a vostedes que arquiven ese expediente disciplinario e vostedes non o fixeron e vostede non o fixo, e vostede como membro



dese Goberno e responsable de persoal seguiu para adiante non so cando era responsable de persoal senón xa como Alcaldesa, vostede. Ese informe ten fecha de xuño de 2020, sabe quen era a Alcaldesa en ese momento? Vostede, entón non se escuse no ex-Alcalde. Vostede ten moita responsabilidade diría que tanta, porque vostede foi parte no inicio e foi parte do procedemento ata o final. Nos gustaría que nos contestase a unha serie de preguntas: Vostede non pode dicir que o funcionario municipal reiteradamente desobedeceu ordenes do Goberno e do ex-Alcalde, de vostede, porque precisamente ese funcionario municipal cumpriu legalmente as súas funcións e cumpriu coa legalidade. Vostedes o que pretendían era que incumpriera que incurriera, nun incumprimento da legalidade vixente, que incumpriera na execución orzamentaria do orzamento que vostedes aprobaron e así quedou de manifesto no que acabo de dicir. Porqué vostede decidiu pedir ese informe externo cando tiña a resolución do arquivo do expediente? Lle parece a vostede xusto, serio e responsable que vostede utilice fondos deste Concello para ir en contra dun funcionario municipal despois de vostedes abrirelle un expediente, vamos chamarlle regularmente, por cumprir a legalidade e despois de que as persoas instrutoras lle dixeran claramente que tiñan que arquivalo, lle parece serio iso? Porqué esa factura de 1800€ de estas persoas de Madrid non está no libro maior, é dicir, na contabilidade do ano 20 nin do ano 21, porqué non está? Porqué está sen pagar a día de hoxe esa factura? Porqué no mes de setembro deste ano, fai uns meses por iso nos estamos aquí pedíndolle explicacións, porqué en setembro deste ano entra a nova petición dese despacho xurídico de Madrid reclamándolle ao Concello que lle ten pendente de abonar esa factura de 1800€? Teñen vostedes pensado pagar esa factura si ou no? Cómo é posible que o asesor xurídico que traballa para este Concello presentase un recurso, segundo vostedes sen ter coñecemento, para ir ao TSX, Tribunal Supremo de Xustiza de Galicia, despois de todo o que acabo de dicir? Pódeme explicar, porque me parece que a Sra. Alcaldesa actual non tiña coñecemento do mesmo senón que nolo desminta, vostede tampouco tiña coñecemento deso? Ou sexa, o xurídico libremente presentou o recurso? Perdoe que lle diga pero iso non o cree ninguén, si presentou ese recurso foi porque alguén lle deu unha orde. Non serei eu quen o diga porque loxicamente non o sei, loxicamente damos por feito quen a deu pero como todo na vida non teño probas para dicilo agora a Sra. Alcaldesa actual non o sabía segundo puido manifestar, a Sra. Alcaldesa actual que é a máxima representante deste Concello non tiña constancia dese recurso do señor xurídico, quen lle deu esa orde a esa persoa, no lo pode dicir? Si logo vostede non deu a orde como é que vostede recapacitou e solicitou retirar cando exercía de Alcaldesa accidental ese recurso, nolo pode explicar? Porque si vostede non de a orde e logo deu a orde hai unha contradición aí.

Resumindo, o que é triste e que se faga unha persecución dunha persoa, dun funcionario, pero non so desa, como digo que o máis triste e que despois dunha sentenza, despois dun informe deses instrutores vostedes insistiran e persistiran, é triste que persoas deste Concello tiveran que sufrir o que tiveron que sufrir por culpa dunha decisión política dunha persecución persoal, porque vostede mesma manifestou de que era algo persoal. Como digo o máis triste é ter que sufrir estas



persoas decisións políticas por parte de aqueles que non saben diferenciar a súas funcións, non saben respectar os traballos impecables dos traballadores, que todos teñen erros por suposto, pero de aí a facer e tomar decisións que vostedes tomaron hai moita distancia, porque un pode discrepar, pode recriminarlle unha acción concreta, pero de aí a actuar como actuaron vostedes durante moito tempo contra moitas persoas é moi lamentable. O que quero dicir para rematar, dicir que cando a evidencia, as probas, as sentencias, os informes din o que din o mínimo que se lle pode pedir a alguén que se equivocou e pedir perdón e facer as mesmas publicacións nos medios de comunicación que se fixeron algún momento para desacreditar publicamente nos medios a persoas que fixeron exemplarmente o seu traballo iso é o mínimo que se lle pode pedir, está moi ben o discurso que vostede dixo pena que non o aplicase cando tiña que habelo aplicalo, é o mínimo que se lle pode pedir é primeiro que conteste as preguntas que lle fixen respecto da factura porqué non está na contabilidade do Concello? Si se vai a pagar? E despois lle solicito tamén que o mínimo que pode facer é facer publicamente esas desculpas que creo que o merece.

Sra. Castiñeira Alén: Xa fixen a miña comparecencia, todas esas preguntas que realizou Santiago Davila foron respostadas e creo que a miña explicación foi extensa e ardua e non teño máis que dicir, e me gustaría que creo que sería o lóxico non voltar a falar máis deste tema, cando ademais é un tema que xa está pechado, non entendo o sentido nin o porqué o Partido Popular trae de novo a este pleno a comparecencia por este expediente disciplinario.

Sr. Rodríguez Davila: Vostede non contestou as preguntas de porqué non está a factura na contabilidade do Concello, vostede non contestou de porqué tomou a decisión de pedir ese informe externo cando sabía que o que lle dicían os instrutores era que archivara ese expediente disciplinario, vostede non contestou porqué ou cando ou si é certo que está sen pagar esa factura, que nos dicimos que si. Vostede non contestou si vai a facer pública esa desculpa que creo honradamente que merece esa persoa por todo o sufrido e por todo o linchamento público que vostedes fixeron ao respecto desa persoa. As preguntas están feitas, vostede non contestou a ningunha e termino lendo o fallo xudicial que vostedes recorreron e que despois retirou ese recurso, o fallo é firme polo tanto xudicialmente está finiquitado e sabe como está finiquitado fallo da sentenza xudicial *“estimado el recurso contencioso-administrativo seguido ante este Juzgado como proceso abreviado número 193/2020 a instancia de, o señor funcionario que estamos falando a día de hoxe, frente ao Concello de Salceda de Caselas contra resolución número 2020-0684 de su Alcaldía dictada en el expediente disciplinario 741/2029 declaro dicha resolución no conforme a derecho y la anulo con condena a la administración demandada a estar e pasar por dicha declaración y para el caso de haber hecho efectiva la suspensión de funciones previstas en la misma a indemnizar al recurrente en el importe de las retribuciones dejadas de percibir y reconocer a su vez la oportuna cotización de la seguridad social en los términos oportunos con condena en costas a la administración”*. Resumindo un procedemento inxusto, querían que incumprira a legalidade.



Sra. Alcaldesa: Creo que non é xusto facer política nin con traballadores nin con empresas do Concello, este é un procedemento pechado en agosto de 2021 sendo eu Alcaldesa dende xuño de 2021 todas e cada unha das persoas que formamos parte desta Corporación estou segurísima que todas e cada unha de nós somos coñecedoras de como foron os feitos, de como foron as situacións e como foron os procedementos e de quen fixo que, polo cal non vos dar máis explicacións o que sei que os tres Concelleiros e Concelleira somos coñecedoras de todo iso. Lémbrovos a todas e a cada unha das persoas que formamos esta Corporación de que representamos a veciñanza estamos ou deberíamos estar para por solucións e non para o que está sucedendo hoxe aquí neste pleno e vou seguir traballando como Alcaldesa, porque ademais de ser e ter a certeza de que ese é o meu deber tamén é o meu sentir traballar sempre a redor da palabra acordo para beneficiar a veciñanza a política non é esta liorta a política é acordo e se en algún caso non o é debería selo.

C) ROLDA DE INTERVENCIONS LIBRES

ROGOS:

Sr. Rodríguez Davila: Lle rogo que dirixa este Pleno como ten que facelo e lle rogo que se lea o Regulamento que vostedes aprobaron, porque fai uns plenos vostedes interpretaban que nas comparecencias que pedían este Grupo non había nin preguntas nin debate e agora resulta que como nós lles dixemos o que había xa deixan debater e preguntar e agora din que non que hai tempo, xa está ben, pónase vostede de acordo coa interpretación do Regulamento que vostedes aprobaron e exerza a súa función como Alcaldesa en dirixir este pleno e non interprete o Regulamento en función do interese oportuno de cada quen, iso é o que lle pido, e corte a palabra aos Concelleiros de calquera grupo cando vostede considere e sexa xusta con todos e hoxe non foi.

Sra. Alcaldesa: Recollo o rogo e non estipulo nin interpreto a interpretación a fai a Sra. Secretaria eu a traslado. Recollo o rogo e creo que fun máis que amable con todos os grupos e de feito houbo unha comparecencia de vinte minutos e unha réplica de outros vinte minutos non sei que máis que me pode pedir, recollo o rogo.

PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila: Quería saber si é certo que por parte da Sra. Alcaldesa e membros do Goberno se recriminou a función dun xornalista na súa función de redactar ou comunicar a opinión pública respecto do que sucedeu entre as partes do Goberno na celebración do 12 de outubro. Nos consta que houbo unha reprimenda política a un xornalista e queremos saber si iso é certo ou no, e en que termos sucedeu, porque creemos que é grave si así foi como nolo explicaron que fora e por



iso pedimos a Sra. Alcalde que nolo aclare.

Sra. Alcaldesa: As miñas declaracións con respecto ao 12 de outubro son públicas están nos medios de comunicación.

Sr. Rodríguez Davila: É certo ou non é certo que vostede increpou, no sentido verbal, recriminándolle a liberdade de expresión que teñen os xornalistas respecto dunha publicación que afectaba a vostede.

Sra. Alcaldesa: Insisto nesta segunda pregunta houbo con respecto ao 12 de outubro unhas declaracións públicas tanto por parte dos medios de comunicación e houbo as miñas respostas públicas, non teño nada máis que dicir.

Sr. Núñez Troncoso: Respecto ao acordo regulador, fai dous meses se aprobou neste pleno o convenio colectivo do persoal laboral, este grupo está en coñecemento que nas diversas Mesas de negociación o equipo de Goberno manifestou negociar ao mesmo tempo tanto o convenio do persoal laboral como o acordo regulador do persoal funcionario pero vemos que a día de hoxe non é así non se levou conxuntamente a pleno o convenio colectivo co acordo regulador, queríamos saber porqué motivos non se levou conxuntamente, o convenio colectivo e o acordo regulador e si pensan negociar cos representantes sindicais ese acordo regulador que está pendente?

Sa. Castiñeira Alén: Xa o dicía antes na miña comparecencia, quedan moitas cousas que facer na miña área de persoal e unha delas é o acordo regulador, ese é un compromiso do equipo de goberno e é unha das cousas que quedou pendentes, decidimos dedicarlle todo o tempo e esforzos ao primeiro convenio laboral, tamén apareceu a estabilización de emprego público e as cousas foronse demorando pero tal é como expresamos e está recollido en acta en diferentes Mesas de Negociación traballaremos nese acordo regulador, pero me consta ademais que non existiu ningún paso por parte dos sindicatos de reunirse cos compañeiros e compañeiras funcionarios para falar de ese acordo e despois supoño que llo trasladaran a parte política que como sempre formaremos as Mesas de Negociación para falar diso.

Sra. Alcaldesa: Si que un momento ao final dunha Xuntanza se me falou, concretamente a min, do acordo regulador pero en ningún momento se acordou en ningunha Mesa de Negociación levalo paralelamente si se falou que se ía ir traballado nel, pero en ningún momento se falou, ata onde eu sei, de levalo de xeito paralelo e menos nunha Mesa de Negociación, non sei si é un mal entendido ou é outra cousa.

Sra. Pérez Domínguez: Gustaríanos saber como vai ser rematada a obra de acceso na aula de Picoña, que agora mesmo ten grava non sabemos si vai levar unha cimentación ou que tedes pensado.



Sra. Ledo Souto: No va a llevar cemento, se va hacer a obra del tejado y esto fue porque estos días con tantísima lluvia el terreno hace una “V” el agua bajaba por ahí y los niños era imposible que llegaran sin empaparse al agua, fue un poco dar solución temporal hasta que se haga la obra y se pueda drenar todo el terreno.

Sra. Pérez Domínguez: Queda en grava, me consta que en Barreiro tamén se está facendo tal como se fixeron cos areeiros con ese mesmo material.

Sra. Ledo Souto: En Barreiro se hizo un paseíto porque aquello es muy estrecho y el agua hace de piscina o lo levantamos mucho que quedaría más alta que la parte de la casa y el aula en sí, allí la única opción fue hacer el pasillito, esa grava va a hacer el drenaje para que puedan entrar y salir secos pero no se va a echar cemento.

Sr. Rodríguez Davila: Rematamos un ano que oxalá no personal de todos os Salcedenses e de todos os presentes foxe o mellor, aínda que dou por feito e creo que non me equivoco que houbo persoas que non o pasaron todo o ben que deberían, perdendo seres queridos, o desexo para o ano 2023 de que a todos no persoal nos vaia ben e que os Salcedenses e todo o mundo vexan colmadas as súas expectativas que sexamos capaces entre todos de construír unha sociedade mellora independentemente das discrepancias que poidamos ter que son sanas, sempre con respecto creo que no persoal non hai máis que desexarlle a todos unas boas festas un mellor ano e que dentro de doce meses poidamos volver a encontrarnos sexa onde sexa e que as nosas familias e os nosos seres queridos lles vaian ben na suade e tamén en todos os aspectos da vida. Gracias Sra. Alcaldesa e boas festas a todos os membros da Corporación.

Sra. Castiñeira Alén: A min é que me encanta o Nadal e ademais creo que é unha data moi especial porque a todos se nos da por desexar o mellor, o mellor para a xente que está ao noso redor, o mellor para aquelas persoas que nos queren, para as persoas que están no día a día con nós cas nosas batallas positivas, negativas. Dáme a sensación de que todos nos volvemos un pouquiño mellores que o resto de ano, temos certa sensibilidade, de verdade que por moito que discrepemos, por moitas veces se produzan discusións, dicíao antes en algunha intervención da sesión plenaria de hoxe, que quero vivir tranquila, pasar polas rúas do meu pobo de Salceda mirarlle a cara a todo o mundo, poder falar con todo o mundo, saudar a todo o mundo e contribuír na mellora do meu pobo todo o que sexa posible, eu tamén creo que nestas datas hai que acordarse da xente que ao mellor non ten a fortuna que temos nós porque nós somos xente afortunada, estamos onde queremos estar, si estamos aquí é porque escollemos estar aquí, tivemos a fortuna ademais de os veciños e veciñas confiaron en nós para que Salceda seguise sumando, seguise crescendo, seguise mellorando, seguise sendo cada día un pouquiño máis fermosa, pensar en toda esa veciñanza que ao mellor non o está pasando tan ben e eu creo que estamos en política tamén para iso, para que o seu día a día e os seus nadais sexan igual de bos que os nosos. Bo Nadal compañeiros, compañeiras, público e veciños e veciñas, felices festas a todos.



Sr. Coto González: Como portavoz do Grupo Socialista de Salceda sumándome as palabras dos anteriores portavoces dos Grupos da Corporación, quero desexar un Bo Nadal e un prospero 2023 para todos e todas os que estamos aquí, aos presentes, aos que nos seguen, aos que non, a todos os veciños e veciñas de Salceda.

Sra. Alcaldesa: O meu desexo como sempre que a veciñanza de Salceda, que todos e todas vos, todos poidamos gozar das nosas familias, das nosas amizades e disfrutemos destas festas con sentidiño e sobre todo o meu desexo de que poidamos volver a toparnos todos e todas, boas festas e bo Nadal.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

